

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 21-11-2022 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

**Por favor, cubra os seus datos antes de
comezar a responder:**

*Por favor, cubra os seus datos antes de comezar a
responder:*

Nome e apelidos

Nome e apelidos

DNI:

Sinatura:

Firma:

**Exame de obtención do Certificado de Aptitude
Profesional (CAP)**


Mercadorías

21/11/2022

09:30 H

-GALEGO-

MODELO B



**Dele la vuelta al cuaderno
para disponer del examen en
CASTELLANO**

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 21-11-2022 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

1. Un vehículo cisterna cargado de mercadorías en estado líquido, no momento da subida dunha pendente:

- a) sofre unha perda de adherencia sobre o terreo por perda de peso sobre o eixo de tracción ao desprazarse a carga.
- b) ten un incremento de adherencia sobre o terreo como consecuencia do desprazamento da carga.
- c) sofre un desgaste superior na parede posterior do depósito como consecuencia do desprazamento da carga.
- d) non sofre ningún desprazamento da carga.

2. Que datos deben figurar no documento de control administrativo de transportes de mercadorías?

- a) Os contidos no libro de roteiro.
- b) O nome do cargador contractual e do transportista efectivo.
- c) A indicación de que se dispón de libro de reclamacións.
- d) Todas as respostas son correctas.

3. Pode realizar transporte público de mercadorías unha empresa con forma xurídica de cooperativa?

- a) Si, pero só en ámbito local.
- b) Si, pero só no ámbito dunha Comunidade Autónoma.
- c) Si, pero só en ámbito nacional.
- d) Si.

4. O grao de rozamento nun camión depende:

- a) da forza termotecnia lateral.
- b) do centro de gravidade.
- c) do tipo de pneumáticos.
- d) do balanceo do motor.

5. A autorización de transporte internacional de mercadorías que nos permite transportar en máis dun país chámase autorización:

- a) triangular.
- b) multilateral.
- c) bilateral.
- d) liberalizada.

6. Das que se citan, que forzas se aplican a un camión en movemento?

- a) A forza electromotriz.
- b) A forza intermolecular.
- c) A forza termotecnia lateral.
- d) As forzas de guiado lateral que conservan a dirección do vehículo.

7. Cando non se solicita a inscrición da escritura de constitución dunha sociedade anónima antes de que transcorra un ano do seu outorgamento, a sociedade devén:

- a) nula.
- b) inexistente.
- c) viciada.
- d) irregular.

8. O transporte de alimentos perecedoiros a temperatura regulada, por que acordo se rexe fundamentalmente?

- a) Acordo sobre transportes internacionais de mercadorías perecedoiras e sobre vehículos especiais utilizados neses transportes (ATP).
- b) Acordo sobre transportes de mercadorías alimenticias e sobre vehículos especiais utilizados neses transportes (ATAP).
- c) Tratado internacional de transporte de consumo (TITC).
- d) Acordo sobre transportes de mercadorías agrogandeiras de consumo (ATMA).

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 21-11-2022 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

9. Os camiões, á entrada dunha curva, tenden a:

- a) subvirar.
- b) sobrevirar.
- c) derrapar.
- d) envorcar.

10. Se un consumidor opta por contratar un seguro que cubra os danos que poidan sufrir as mercadorías durante o transporte, quen debe asumir o seu custo?

- a) O transportista.
- b) O transportista, pero pode repercutir o 25 % do mesmo no prezo do transporte.
- c) O transportista, pero pode repercutir o 50 % do mesmo no prezo do transporte.
- d) O consumidor, pois o transportista pode repercutir o custo íntegro no prezo do transporte.

11. Entre o persoal ocupado no transporte por conta allea en España dominan:

- a) os asalariados.
- b) os autónomos.
- c) o emprego feminino.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

12. A resistencia que opón o aire ao movemento dun camión pode denominarse como:

- a) resistencia aerodinámica.
- b) forza segmentarial cónica.
- c) forza de molaridade.
- d) forza de consumo.

13. De que depende a deriva do pneumático dun camión?

- a) Da forza termotecnia lateral.
- b) Da anchura da llanta.
- c) Da forza de molaridade.
- d) Da forza angular.

14. Que clase de autorizacións permiten o exercicio de actividades complementarias do transporte?

- a) A autorización identificada rexistralmente coa clave EC para o exercicio da actividade de estacións de mercadorías e centros loxísticos.
- b) A autorización identificada rexistralmente coa clave AD para o exercicio da actividade de almacenista-distribuidor de mercadorías en carga fraccionada.
- c) A autorización identificada rexistralmente coa clave TT para o exercicio da actividade de transitario.
- d) A autorización identificada rexistralmente coa clave OT.

15. A reacción áxil ante posibles incidencias é un factor:

- a) que xoga a favor do transporte de mercadorías por estrada.
- b) que xoga en contra do transporte de mercadorías por estrada.
- c) O transporte de mercadorías por estrada non ten reaccións áxiles fronte ás incidencias.
- d) Neste sentido, resulta máis favorecido o transporte marítimo.

16. Cada vez que se realiza un cambio de marcha durante a subida dunha pendente, o camión:

- a) perde potencia e reduce velocidade.
- b) gaña potencia e aumenta velocidade.
- c) perde potencia e aumenta velocidade.
- d) gaña potencia e reduce velocidade.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 21-11-2022 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

17. As autorizacións identificadas rexistralmente coa clave OT habilitan para:

- a) o exercicio da actividade de transporte de mercadorías por estrada.
- b) o exercicio de actividades de intermediación no transporte.
- c) o aluguer de vehículos sen condutor.
- d) establecer unha estación de autobuses.

18. Que factor pode afectar á estabilidade do vehículo?

- a) A masa radial.
- b) A masa neta que se pode levantar.
- c) A resistencia ao balanceo do chasis.
- d) A resistencia á aceleración.

19. Que actividades son propias dun operador loxístico?

- a) Xestionar o aprovisionamento de mercadorías.
- b) Xestionar o transporte de mercadorías.
- c) Xestionar a distribución de mercadorías.
- d) Todas as respostas son correctas.

20. Están exentos de autorización administrativa os transportes públicos de mercadorías realizados en vehículos de:

- a) ata 2 toneladas de Masa Máxima Autorizada.
- b) ata 3,5 toneladas de Masa Máxima Autorizada.
- c) ata 8 toneladas de Masa Máxima Autorizada.
- d) ata 12 toneladas de Masa Máxima Autorizada.

21. Como se chama tamén ao transporte de mercadorías por conta propia que realiza unha empresa cuxa actividade principal non é a de transporte?

- a) Transporte privado produtivo.
- b) Transporte empresarial privado.
- c) Transporte privado complementario.
- d) Transporte mercantil.

22. A licenza comunitaria para transporte de mercadorías é:

- a) un documento que se outorga ao transportista e que habilita para realizar transportes internacionais na UE.
- b) un documento polo que un vehículo concreto é autorizado a realizar transporte internacional e que debe acompañar sempre ao permiso de circulación.
- c) un documento que habilita a un condutor para conducir vehículos de mercadorías de grandes dimensións.
- d) a homologación, a nivel europeo, dun vehículo para o transporte de mercadorías perigosas.

23. Debido á irregularidade da carga, o estibador debe axudarse de certos materiais para encher os ocos. Cal dos seguintes materiais é incorrecto para esta tarefa?

- a) Madeira.
- b) Comburentes.
- c) Escuma de poliuretano.
- d) Bolsas de aire.

24. O acordo ATP aplícase directamente:

- a) a calquera transporte de mercadorías perecedoiras incluídas no acordo.
- b) aos transportes internacionais de mercadorías perecedoiras, incluídas no acordo, efectuados entre países asinantes do mesmo.
- c) aos transportes nacionais, cun percorrido superior a 300 quilómetros, de mercadorías perecedoiras incluídas no acordo.
- d) só aos transportes que teñan unha duración superior a 6 horas.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 21-11-2022 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

25. Que entenden por carga indivisible as normas de circulación?

- a) A que é obxecto dun único contrato de transporte.
- b) A que debe ser transportada nun único envío por motivos económicos.
- c) A que non pode dividirse sen custo ou risco de danos.
- d) Todas as respostas son correctas.

26. Que acción debe realizar o condutor para extraer a súa tarxeta do tacógrafo dixital?

- a) Acceder ao menú.
- b) Desconectar o tacógrafo.
- c) Abrir a impresora para que así salga a tarxeta.
- d) Presionar o botón de expulsión.

27. En caso de choiva, que actuación debemos seguir co vehículo que temos diante?

- a) Adiantalo o máis rapidamente posible.
- b) Aumentar a velocidade.
- c) Diminuír a distancia de seguridade.
- d) Aumentar a distancia de seguridade.

28. O consumo de carburante dun vehículo pesado provisto dun motor de combustión pode ser maior do normal dependendo:

- a) do tipo de buxías que monte: frías ou quentes.
- b) do tipo de ralentizador que monte no vehículo.
- c) do mantemento que se realice ao vehículo, o perfil da estrada e o tipo de conducción.
- d) do tipo de sistema de freado que se monte: hidráulico ou pneumático.

29. Que vantaxe ofrece o retardador chamado "retárder"?

- a) Permite que o vehículo careza de freo de servizo.
- b) Permite que o vehículo careza de freo de estacionamento.
- c) Permite que o vehículo só necesite sistema de freado no eixo traseiro.
- d) Reduce o uso do freo de servizo, evitando a súa fatiga.

30. En función de por onde se circule, recoméndanse unhas técnicas para optimizar o consumo de carburante. Que se recomenda en pendentes ascendentes?

- a) Circular a velocidade constante pisando máis acelerador se fose necesario.
- b) Manter a agulla do tacómetro na parte dereita da zona económica.
- c) Manter o pedal acelerador pouco pisado.
- d) Circular a velocidade crecente ata chegar a un número de revolucións por encima da zona verde do contarrevolucións.

31. Que inflúe no consumo de carburante dun vehículo pesado?

- a) O motor de arranque e o tipo de ralentizador que monte o vehículo.
- b) O mantemento do vehículo e a voltaxe que forneza a batería.
- c) A posición do pedal do acelerador e a lonxitude do cigüeñal.
- d) O número de revolucións por minuto do motor e o perfil da estrada.

32. Que materias perigosas poden transportarse en cisterna?

- a) Todas as das clases 2 e 3.
- b) Todas as das clases 2 e 3 e as do resto de clases que indique o ADR.
- c) Unicamente aquelas materias que o ADR indique de maneira expresa.
- d) Calquera materia, sempre que a cisterna teña o certificado de aprobación ADR.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 21-11-2022 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

33. Cal é unha infracción que pode dar lugar á inmovilización do vehículo nos controis de estrada?

- a) Falta de autorización de transporte.
- b) Manipulación do limitador de velocidade.
- c) Manipulación do tacógrafo.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

34. O ABS é un dispositivo que:

- a) evita o bloqueo das rodas ao frear o vehículo.
- b) aumenta a aceleración de maneira constante.
- c) evita a perda de tracción das rodas propulsoras.
- d) corrixe os efectos de subviraxe.

35. O consumo de carburante dun vehículo pesado pode ser maior do normal dependendo:

- a) do motor de arranque e do tipo de ralentizador que monte o vehículo.
- b) da aerodinámica e o mantemento do vehículo.
- c) do tipo de batería e da relación de marchas seleccionada.
- d) da presión dos pneumáticos e a lonxitude do pistón.

36. Poderá procederse á inmovilización dun vehículo nunha inspección de transporte na estrada se:

- a) o condutor supera nun 5 % o límite de velocidade.
- b) falta o título habilitante para o transporte.
- c) o condutor colabora cos axentes encargados do control.
- d) Nunca pode procederse á inmovilización dun vehículo.

37. Cal destas afirmacións é incorrecta?

- a) Ao efectuar as revisións periódicas do vehículo, convén supervisar o sistema de climatización.
- b) O deseño do habitáculo de condución debe ser tal que, en caso de accidente, maximícense os danos do condutor ao impactar co mesmo.
- c) Non interesa deixar obxectos soltos no habitáculo de condución.
- d) É necesario asegurar a renovación do aire no habitáculo de condución.

38. Respecto dos riscos no traballo, o empresario está obrigado a:

- a) determinar que postos deben usar proteccións.
- b) indicar o equipo de protección necesario.
- c) coidar o mantemento dos equipos individuais de protección.
- d) Todas as respostas son correctas.

39. Cal é a principal finalidade dos elementos de seguridade activa dun vehículo?

- a) Diminuír os danos causados por un accidente no vehículo.
- b) Evitar que se produza un accidente.
- c) Diminuír os danos causados por un accidente nas persoas.
- d) Reparar as avarías sufridas polo vehículo canto antes.

40. Que distancia de seguridade é necesaria levar por detrás do vehículo para garantírnos unha condución preventiva?

- a) A necesaria para poder frear con tempo e progresivamente de forma que o encendido da luz de freo sirva de sinal.
- b) A necesaria para poder frear con tempo e bruscamente de forma que o encendido da luz de freo sirva de sinal.
- c) A necesaria para poder frear sen tempo e progresivamente de forma que o encendido da luz de freo sirva de sinal.
- d) A necesaria para poder frear sen tempo e bruscamente de forma que o encendido da luz de freo sirva de sinal.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 21-11-2022 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

41. Que se debe facer ao axudar ás vítimas dun accidente de tráfico?

- a) Mover sempre aos feridos e colocalos fóra da calzada.
- b) Darlles líquidos ou alimentos se o solicitan.
- c) Non mover nunca ao accidentado, salvo circunstancia extrema.
- d) As respostas B e C son correctas.

42. Que contén a marca de homologación dos tacógrafos?

- a) A letra "e" seguida do número do país que homologou o modelo.
- b) As letras "UE" seguidas de número de referencia da marca.
- c) A letra "T" seguida do número do país que homologou o modelo.
- d) As letras "UN" seguidas da norma de calidade da homologación.

43. Nos accidentes de traballo no transporte, que lesión está máis frecuentemente causada polo uso de maquinaria inadecuada ás características do lugar de traballo?

- a) Fractura de ósos.
- b) Luxacións.
- c) Feridas internas.
- d) Morte.

44. Cal das seguintes técnicas indicadas é máis correcta para optimizar o consumo de carburante?

- a) Acelerar moi rapidamente para obter unha velocidade de cruceiro económica.
- b) Reducir de marchas canto antes.
- c) Circular sempre en marchas curtas.
- d) Seleccionar a mellor relación de marchas, segundo a velocidade á que se circule.

45. Que dato ten influencia no consumo de carburante?

- a) O nivel de carga da batería.
- b) A temperatura de funcionamento do motor.
- c) O tipo de pneumático montado: con cámara ou sen cámara.
- d) A presión do sistema pneumático de freos.

46. Sinala a afirmación incorrecta:

- a) No impreso da declaración amigable de accidente, se o accidente ocasionase feridos, aínda que sexan leves, débese consignar o dato na casa correspondente.
- b) No impreso da declaración amigable de accidente débense anotar os datos correspondentes ás compañías aseguradoras, indicando, entre outros, o seu nome ou razón social, domicilio e número de póliza.
- c) A declaración amigable de accidente é válida aínda que non se teña subscrito o seguro de responsabilidade civil obrigatorio.
- d) No impreso da declaración amigable de accidente deben relacionarse os danos apreciados en cada un dos vehículos implicados no accidente.

47. Os tacógrafos instalados nos vehículos deberán pasar un control periódico, polo menos:

- a) cada ano.
- b) cada dous anos.
- c) cada dez anos.
- d) Non están obrigados a pasar controis periódicos.

48. A comida e a complexión física do condutor, inflúen no nivel de alcol en sangue?

- a) Non.
- b) Soamente inflúe a comida.
- c) Si.
- d) Soamente inflúe a complexión física.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 21-11-2022 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

49. Que se entende por "microsono" ao falar de seguridade viaria?

- a) Durmirse mentres se conduce durante un minuto ou máis tempo.
- b) Durmir menos de 5 horas a noite anterior a unha viaxe.
- c) Ter períodos de sono interrompidos a noite anterior a unha viaxe.
- d) Perder a consciencia da estrada durante un período de tempo moi breve.

50. A cantidade de alcol inxerida e a rapidez coa que se tome, inflúen no nivel de alcol no sangue?

- a) Si.
- b) Non.
- c) A cantidade inxerida si afecta, a rapidez non.
- d) Soamente a rapidez con que se tome o alcol inflúe.

51. Cando debe utilizarse a iluminación do vehículo como regra xeral?

- a) Entre a saída e a posta do sol.
- b) En condicións ambientais que diminúan sensiblemente a visibilidade.
- c) En caso de aviso de existencia de vehículo parado na beiravía.
- d) Na circulación por travesías e zonas poboadas.

52. Cada canto tempo os condutores que obteñan o certificado de aptitude profesional (CAP) deben realizar o curso de formación continua?

- a) Cada 5 anos a partir de obter o carné de conducir.
- b) Cada 5 anos a partir de obter o certificado.
- c) Cada 2 anos a partir de obter o certificado.
- d) Cada 3 anos a partir de obter o carné de conducir.

53. Que actuación é a máis efectiva para aforrar combustible?

- a) Parar o motor sempre que o vehículo estea inmovilizado, mesmo nas detencións momentáneas.
- b) Baixar as pendentas en punto morto ou co pedal do embrague pisado.
- c) Non cargar o vehículo en exceso.
- d) Dar aos pneumáticos unha presión de inflado inferior á recomendada polo fabricante.

54. En relación coas causas dos accidentes, a maioría destes:

- a) débense a fallos na organización do traballo.
- b) débense a defectos das ferramentas ou materiais.
- c) non se deben a unha causa única senón que son o resultado da confluencia de varias delas.
- d) débense ao comportamento inadecuado do traballador.

55. O ADR establece, para as mercadorías perigosas da clase 1, seis divisións. Que indica a división 1.1?

- a) Perigo de explosión, pero non en masa.
- b) Perigo de incendio con lixeiro risco de chama.
- c) Perigo de explosión en masa.
- d) Obxectos extremadamente pouco sensibles que non supoñen explosión en masa.

56. O funcionamento do sistema de refrixeración dun motor, pode influír no consumo de carburante?

- a) Si.
- b) Non, só inflúe na posible deterioración mecánica.
- c) Non, só inflúe na temperatura de funcionamento.
- d) Só se se trata de vehículos lixeiros.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 21-11-2022 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

57. Nunha caixa de velocidades con 5 marchas e marcha atrás, cal é xeralmente a marcha que ten máis forza, produce máis desmultiplicación e é, por tanto, a máis curta?

- a) A segunda velocidade.
- b) A primeira velocidade.
- c) A quinta velocidade.
- d) A marcha atrás.

58. Que datos rexistra, automática ou semiautomáticamente, o tacógrafo?

- a) Distancia percorrida polo vehículo.
- b) Velocidade do vehículo.
- c) Actividade do condutor (tempo de condución).
- d) Todas as respostas son correctas.

59. Efectuar un servizo de transporte de mercadorías supón a realización dunha serie de actuacións, excepto:

- a) efectuar unha carga.
- b) efectuar unha descarga.
- c) realizar un roteiro.
- d) pintar o vehículo antes de iniciar a viaxe.

60. Existe algunha restrición de horario para levar a cabo un transporte de explosivos?

- a) Non se pode efectuar fora do horario ordinario de apertura dos depósitos.
- b) Pódese efectuar en calquera momento, salvo en horario nocturno (desde as 22:00 ata as 6:00 horas).
- c) Só se pode efectuar no horario que determine a Garda Civil para cada operación.
- d) Non hai restricións; os interesados no transporte poden elixir o horario que máis lles conveña.

61. O filtro do aire do sistema de alimentación dun motor de combustión debe substituírse periodicamente, que sucedería se non se fixese?

- a) Sairía máis cantidade de fume branco polo escape.
- b) Aumentaría o consumo de carburante.
- c) Reduciríase a cantidade de osíxeno nos gases tóxicos do escape.
- d) Aumentaría excesivamente a potencia do motor.

62. Cantos puntos se perden no permiso de conducir por exceder os tempos de condución nunha porcentaxe comprendida entre o 25 e o 50 %?

- a) Dous.
- b) Catro.
- c) Seis.
- d) Ningún.

63. Entre os factores que inflúen no consumo de carburante dun vehículo pesado atópase:

- a) o tipo de batería e a relación de marchas seleccionada.
- b) o motor de arranque e do tipo de ralentizador que monte o vehículo.
- c) o perfil da estrada e a posición do pedal do acelerador.
- d) a presión dos pneumáticos e a lonxitude do pistón.

64. Dos que se indican, que tipo de motor é o que ten un menor consumo específico?

- a) O motor diésel de inxección directa.
- b) O motor diésel de inxección indirecta.
- c) O motor de gasolina de inxección directa.
- d) O motor de gasolina de inxección indirecta.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 21-11-2022 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

65. Se, traballando de pé, debemos inclinárnos, cal será a mellor postura para previr riscos físicos?

- a) Conservando os xeonllos ríxidos e flexionando a columna vertebral.
- b) Conservando a columna vertebral recta e flexionando os xeonllos.
- c) Flexionando a columna vertebral e os xeonllos.
- d) Curvando a columna vertebral e mantendo ríxida a cadeira.

66. Como se denomina o quecemento excesivo dos elementos frenantes do freo de servizo?

- a) Efecto tubeless.
- b) Efecto fading.
- c) Efecto reinforced.
- d) Efecto aquaplaning.

67. Os mareos e os desmaios poden provir de:

- a) durmir máis de oito horas.
- b) respectar os tempos de condución e descanso.
- c) unha mala alimentación.
- d) levar correctamente ventilado o vehículo.

68. Que tipo de batería de vehículo eléctrico é a que reduce a tara dos vehículos?

- a) Níquel.
- b) Litio.
- c) Zinc.
- d) Aluminio.

69. Conducindo un vehículo pesado e co motor funcionando á temperatura adecuada, o consumo de carburante depende, entre outros factores:

- a) da posición de condutor.
- b) da posición do pedal do acelerador.
- c) da octanaxe do gasóleo.
- d) da variación da relación de compresión, segundo as revolucións do motor.

70. Como pode conseguir aforro enerxético unha empresa de transporte?

- a) Instalando tacógrafos dixitais nos vehículos.
- b) Cunha boa política de renovación dos vehículos.
- c) Instalando retardadores hidráulicos de freada nos vehículos.
- d) Non superando a MMA dos vehículos en máis dun 5 %.

71. A prevención de riscos laborais implica obrigacións no ámbito do transporte:

- a) só para o empresario.
- b) só para o traballador.
- c) para o empresario e dá consellos ao traballador.
- d) para o empresario e o traballador.

72. En relación coa convocatoria e realización de exames para a obtención do certificado de aptitude profesional (CAP), cal das seguintes afirmacións é falsa?

- a) Deberán convocarse exames polo menos seis veces ao ano.
- b) A convocatoria de exames deberá efectuarse, polo menos, cun mes de antelación á realización do primeiro exercicio.
- c) O prazo de inscrición non será inferior a quince días.
- d) Unha vez finalizado o curso de formación, os aspirantes deberán superar un exame nun prazo non superior a tres meses desde a finalización do curso.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 21-11-2022 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

73. O par máximo dun motor é:

- a) o máximo de revolucións que pode alcanzar o motor.
- b) a máxima forza de xiro que pode proporcionar o motor.
- c) a potencia máxima que pode proporcionar o motor.
- d) o consumo máximo do motor.

74. Un motor consumirá menos combustible se se circula:

- a) con marchas curtas.
- b) sempre en primeira velocidade.
- c) aproveitando a inercia do vehículo.
- d) a un réxime de revolucións que permita utilizar o menor par motor posible.

75. Que inflúe no consumo de carburante dun vehículo pesado?

- a) O sistema de mando da distribución: por correa dentada ou por cadea.
- b) O tipo de ralentizador que monte no vehículo.
- c) O mantemento do vehículo, a presión dos pneumáticos e as revolucións por minuto do motor.
- d) A montaxe de freos de tambor.

76. Que actuación non é unha medida preventiva que é necesario realizar co fin de evitar un incendio?

- a) En pendentas pronunciadas que requiran o constante uso do freo eléctrico ou de servizo, baixar en marchas curtas aproveitando a retención do motor.
- b) Evitar parar nada máis chegar á base do descenso e tentar percorrer uns quilómetros co fin de evacuar a calor dos freos.
- c) Revisar a presión dos pneumáticos.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

77. Cal das seguintes é a lesión menos habitual nos condutores profesionais?

- a) Molestias na parte alta das costas.
- b) Molestias na parte baixa das costas.
- c) Molestias na caluga ou no pescozo.
- d) Molestias nos xeonllos.

78. Cales son os tipos de actividade que permite rexistrar, por separado e de modo diferenciado, o tacógrafo?

- a) Condución, descanso, dispoñibilidade e outro traballo.
- b) Presenza e ausencia.
- c) Carga e descarga.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

79. Que son os retardadores nunha caixa de cambios?

- a) Un dispositivo que actúa impedindo o cambio de marcha ata que os dous elementos a conectar teñen o mesmo número de revolucións.
- b) Un dispositivo que realiza unha función de freado dos eixos, minorando as revolucións que chegan ás rodas.
- c) Un dispositivo que transmite eléctricamente a orde de axuste.
- d) Un dispositivo que permite o accionamento do grupo distribuidor e zonal nunha caixa de velocidades de triplo grupo.

80. Nos accidentes de traballo no transporte, que lesión, causada polo mal estado das escaleiras, é a máis frecuente?

- a) Rachos musculares.
- b) Lumbalxias, cervicalxias e todo tipo de molestias nas costas.
- c) Hernias discais.
- d) Problemas de circulación sanguínea.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 21-11-2022 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

81. Como hai que colocar ao ferido para practicarlle a respiración boca a boca?

- a) Boca abaixo.
- b) Boca arriba.
- c) Lateral.
- d) En posición de defensa.

82. Que actuación é inadecuada como medida de aforro de carburante?

- a) Circular a un réxime medio de revolucións.
- b) Circular cunha presión de inflado dos pneumáticos superior á recomendada polo fabricante.
- c) Baixar as pendentas utilizando o motor como freo.
- d) Baixar as pendentas sen acelerar.

83. Que actuación é inadecuada para reducir o consumo de carburante dun automóbil?

- a) Pisar o freo inmediatamente despois de deixar de acelerar.
- b) Reducir o número de revolucións do motor utilizando para iso unha relación de marchas adecuada.
- c) Utilizar a relación de marchas máis alta posible de forma que a agulla do contarrevolucións se manteña na zona de máxima eficiencia do motor, xeralmente unha zona marcada de cor verde.
- d) Evitar aceleracións e freadas bruscas.

84. Que característica non inflúe á hora de determinar no contarrevolucións dun automóbil a zona de menor consumo?

- a) O par motor máximo.
- b) O consumo específico.
- c) A octanaxe do carburante.
- d) A potencia.

85. A utilización dun tacógrafo non homologado equivale a unha infracción de:

- a) obstrución á actuación inspectora.
- b) tempos de conducción.
- c) seguridade viaria.
- d) carencia de aparello de control.

86. Se o vehículo que conduce está dotado dun sistema de freado ABS, como actúa durante unha freada?

- a) Detendo inmediatamente o vehículo, mesmo se a vía está mollada.
- b) Detendo inmediatamente o vehículo, mesmo se a vía ten neve.
- c) Evitando o bloqueo das rodas, unicamente se a vía por onde se circula está mollada.
- d) Evitando que as rodas se bloqueen, calquera que sexa o estado da vía.

87. Ten a folla de rexistro do tacógrafo analóxico algunha zona destinada a anotar o lugar onde se atopa o condutor ao poñer ou quitar o disco?

- a) Si, pero só para cando pon o disco.
- b) Non.
- c) Si, pero só para cando quita o disco.
- d) Si, para ambos os casos.

88. O uso que se realice do motor dun automóbil, pode influír no consumo de carburante?

- a) Si.
- b) Non, o consumo só depende da velocidade.
- c) Non, o consumo só depende da relación de marchas.
- d) Non, o consumo só depende da aerodinámica do vehículo.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 21-11-2022 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

89. Cantos modos de funcionamento ten o tacógrafo dixital?

- a) Dous: operativo e automático.
- b) Dous: analóxico e dixital.
- c) Tres: de control, de empresa e dixital.
- d) Catro: operativo, de control, de calibrado e de empresa.

90. Cal é a materia máis empregada para extinguir un incendio por enfriamento da temperatura?

- a) Auga.
- b) Area seca.
- c) Osíxeno.
- d) Gas halón.

91. Como pode un condutor conseguir o certificado de aptitude profesional que acredite a súa cualificación inicial?

- a) É necesario seguir o curso establecido na normativa e superar o exame.
- b) Debe acreditar experiencia profesional suficiente.
- c) Debe acreditar experiencia profesional suficiente e superar o exame que establece a normativa.
- d) Unicamente debe seguir o curso establecido na normativa vixente.

92. Que condicionantes teñen os peóns infantís á hora de tomar a decisión de cruzar unha rúa?

- a) Campo visual máis amplo.
- b) Percepción da velocidade máis clara.
- c) Percepción do tempo máis real.
- d) O tempo necesitado para a toma da decisión é moi superior ao do adulto.

93. Os movementos rutineiros e repetidos de subir ou baixar do vehículo:

- a) pódense converter en motivo de lesións.
- b) pódense converter en motivo de accidentes.
- c) non é necesario realízalos con precaución.
- d) As respostas A e B son correctas.

94. Se, coa presión realizada ao frear, as rodas do vehículo permanecen bloqueadas, que debe facer o condutor?

- a) Ir levantando o pé do pedal do freo ata que as rodas volvan virar.
- b) Pisar o pedal do freo a fondo ata que as rodas volvan virar.
- c) Esperar a que o sistema ABS se encargue de desbloquear as rodas.
- d) Dar volantazos "ata que o vehículo se estabilice".

95. Que inconveniente presenta o acelerar cando se vai a proceder ao arranque dun motor de combustión ou diésel?

- a) Ningún, xa que é o que se debe facer.
- b) Unicamente problemas de lubricación.
- c) Unicamente aumento innecesario de consumo de carburante.
- d) Un consumo innecesario de carburante e posibles problemas de lubricación.

96. O ralentizador eléctrico:

- a) regula a intensidade eléctrica que xera o alternador.
- b) regula a tensión eléctrica que xera o alternador.
- c) mantén constante a tensión eléctrica que sae da batería.
- d) utilízase para evitar o fenómeno fading.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 21-11-2022 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

97. Sinale a afirmación incorrecta:

- a) A declaración amigable de accidente axiliza o pago de indemnizacións derivadas dun sinistro.
- b) A declaración amigable de accidente fai que diminúa o consumo dos vehículos.
- c) A declaración amigable de accidente facilita e axiliza o labor do empregado que recibe o parte de sinistro na oficina.
- d) A declaración amigable de accidente facilita e axiliza o labor dos tramitadores da indemnización.

98. Os transportistas deben garantir que os nacionais de países terceiros que desexan entrar no Espazo Schengen contan cun documento de viaxe ou, no seu caso, cun visado?

- a) Este non é un labor dos transportistas.
- b) Disto debe encargarse a policía de fronteiras.
- c) Si, está recollido no Convenio de aplicación do Acordo de Schengen.
- d) Os transportistas só deben ocuparse dos obxectos, non das persoas.

99. Para reducir o consumo de carburante dun vehículo pesado, que relación de marchas hai que utilizar minimamente?

- a) A máis longa.
- b) A primeira.
- c) A quinta.
- d) A oitava.

100. Que factor dos seguintes inflúe na valoración que os clientes dunha empresa de transporte fan sobre a calidade do servizo recibido?

- a) As súas experiencias previas en servizos similares.
- b) As opinións da súa contorna.
- c) A información que se lles proporcionou.
- d) Todas as respostas son correctas.

Preguntas de reserva (Só se corrixirán se o tribunal anula algunha das anteriores)
--

101. Como se nota a subviraxe nun camión?

- a) O volante ofrece menos resistencia do normal.
- b) O volante ofrece máis resistencia do normal.
- c) O volante non pode moverse.
- d) O volante pártese.

102. O tempo durante o que un condutor efectúa a carga do vehículo, como se considera segundo a normativa laboral española?

- a) Tempo de traballo efectivo.
- b) Descanso.
- c) Pausa.
- d) Tempo de espera.

103. Segundo a regulamentación social europea, se un condutor conduce 3 horas e fai unha pausa de 30 minutos, e despois conduce outras 3 horas:

- a) está a facer a pausa correctamente.
- b) non está a facer a pausa correctamente, posto que a pausa debería ser de 40 minutos.
- c) non está a facer a pausa correctamente, debido a que en 6 horas de conducción só fixo unha pausa de 30 minutos.
- d) está a facer a pausa correctamente, pero agora debe parar 45 minutos.

EXAMEN DE OBTENCIÓN DEL CAP

Examen: Mercancías Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

Fecha: 21-11-2022 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

102. El tiempo durante el que un conductor efectúa la carga del vehículo, ¿cómo se considera según la normativa laboral española?
a) Tiempo de trabajo efectivo.
b) Descanso.
c) Pausa.
d) Tiempo de espera.

103. Según la reglamentación social europea, si un conductor conduce 3 horas y hace una pausa de 30 minutos, y después conduce otras 3 horas:
a) está haciendo la pausa correctamente.
b) no está haciendo la pausa correctamente, puesto que la pausa debería ser de 40 minutos.
c) no está haciendo la pausa correctamente, puesto que en 6 horas de conducción solo ha hecho una pausa de 30 minutos.
d) está haciendo la pausa correctamente, pero ahora debe parar 45 minutos.

EXAMEN DE OBTENCIÓN DEL CAP

Fecha: 21-11-2022 09:30 h
Lugar: RUA DE MADRID, 2

Examen: Mercancías Modelo B
Duración: 120 MINUTOS

95. ¿Qué inconveniente presenta el acelerar cuando se va a proceder al arranque de un motor de combustión o diésel?

- a) Ninguno, ya que es lo que se debe hacer.
- b) Únicamente problemas de lubricación.
- c) Únicamente aumento de consumo de carburante.
- d) Un consumo innecesario de carburante y posibles problemas de lubricación.

96. El ralentizador eléctrico:

- a) regula la intensidad eléctrica que genera el alternador.
- b) regula la tensión eléctrica que genera el alternador.
- c) mantiene constante la tensión eléctrica que sale de la batería.
- d) se utiliza para evitar el fenómeno fading.

97. Señale la afirmación incorrecta:

- a) La declaración amistosa de accidente agiliza el pago de indemnizaciones derivadas de un siniestro.
- b) La declaración amistosa de accidente hace que disminuya el consumo de los vehículos.
- c) La declaración amistosa de accidente facilita y agiliza la labor del empleado que recibe el parte de siniestro en la oficina.
- d) La declaración amistosa de accidente facilita y agiliza la labor de los tramitadores de la indemnización.

98. ¿Los transportistas deben garantizar que los nacionales de países terceros que desean entrar en el Espacio Schengen cuenten con un documento de viaje o, en su caso, con un visado?

- a) Este no es un cometido de los transportistas.
- b) De esto debe encargarse la policía de fronteras.
- c) Sí, está recogido en el Convenio de aplicación del Acuerdo de Schengen.
- d) Los transportistas solo deben ocuparse de los objetos, no de las personas.

99. Para reducir el consumo de carburante de un vehículo pesado, ¿qué relación de marchas hay que utilizar mínimamente?

- a) La más larga.
- b) La primera.
- c) La quinta.
- d) La octava.

